



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

## **PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO NOVO MERCADO**

### **I.-Obxecto do contrato.**

É obxecto do contrato a execución das obras do “Proxecto novo Mercado”.

As obras atópanse recollidas no Proxecto de rehabilitación de baixo e dous andares para o novo mercado, centro de día e ludoteca, redactado ó efecto polo Arquitecto Juan Picáns Villar e aprobado polo Concello.

O referido Proxecto (incluíndo os seus Pregos de Prescricións Técnicas) e os presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, con toda a documentación que os integran, formarán parte do contrato de adxudicación que no seu día se formalice.

Caso de contradición entre os Presentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e os técnicos, prevalecerán os primeiros

### **II.-Prezo do contrato.**

O valor estimado do contrato, de conformidade co previsto no artigo 88 do TRLCSP, e que non inclúe o IVE, é de 1.115.454,89 euros.

O tipo de licitación, que si inclúe o IVE, é de 1.349.700,42 euros (1.115.454,89, máis o 21 % de IVE, que son 234.245,53 euros).

Este contrato tramitarase como compromiso de gasto de carácter plurianual, a desenvolver nos exercicios 2012 e 2013. No presente ano executarase a cantidade de 654.700,42 €, e no ano 2013, 695.000 €. Tal e como esixe a normativa de aplicación a autorización e o compromiso deste gasto subordinarase ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos municipais.

### **III.-Forma de adxudicación.**

O contrato de obras será adxudicado por procedemento aberto, conforme ó disposto no artigo 157 do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP ou RD Legislativo 3/2011).

A tramitación do expediente será ordinaria

### **IV.-Pago do prezo de adxudicación da obra e revisión de prezos.**

O pago do prezo efectuarase contra certificacións de obra expedidas mensualmente polo Director de obras, e a correspondente factura, nos prazos legalmente previstos.

Non se realizará pago algún se, con carácter previo ou simultáneo á primeira certificación e a correspondente factura, non se entregan polo contratista as fotos que acrediten o cumprimento da



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

colocación ó seu custo dun cartel relacionado coa obra, coas características e formato propio das obras financiadas con fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), segundo as instrucións que recabará a este respecto da Dirección de obra.

No caso de que algunha certificación ou factura conteña algún erro ou omisión, os prazos non se iniciarán ata a súa subsanación.

Dado que o prazo de execución da obra non supera o ano, e de conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP, este contrato non terá fórmula de revisión de prezos.

#### **V.-Cumprimento do contrato e prazo de garantía.**

As obras deberán ser executadas dentro dos 12 meses seguintes á acta de comprobación do replanteo. O incumprimento deste prazo será sancionado segundo o disposto no artigo 212 e seguintes do TRLCSP.

Fíxase un ano como período mínimo de garantía das obras, a contar dende a acta de recepción das mesmas.

Transcorrido o devandito prazo se procederá a liquidar o contrato e, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.

#### **VI.-Criterios de valoración de ofertas**

Os criterios que se terán en conta para valorar as ofertas das empresas serán os seguintes. “V.A.” son os criterios de valoración automática, e S.X.V. son os criterios susceptibles de xuízo de valor:

- Prezo (V.A.)
- Variantes [mellora nos materiais a empregar] (S.X.V)
- Memoria construtiva e programa de traballo (S.X.V)
- Ampliación do prazo de garantía (V.A.)
- Memoria de seguridade e saúde (S.X.V.)
- Diminución do prazo de execución (V.A.)

A puntuación outorgarase cun máximo de dous decimais.

O empate entre dous ou máis contratistas, resolverase en favor do contratista que obtivera máis puntuación no criterio de valoración expresado en primeiro lugar nesta cláusula, de persistir o empate, en favor do licitador que obtivera máis puntuación no criterio expresado en segundo lugar, e así sucesivamente. Se aínda continuara o empate, resolverase por sorteo público, ó que se lle dará publicidade mediante a publicación de anuncio no Perfil do contratante.

**---Prezo (ata 30 puntos)**



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

A estes efectos, o prezo sinalado refírese ó tipo de licitación incluído o IVE.

30 puntos se a baixa é igual o maior a 100.000 euros

0 puntos se a baixa é de 0 euros (oferta é igual ó tipo de licitación)

se a baixa está entre os 0 e os 100.000 euros, lle corresponderán os puntos que resulten da seguinte fórmula, con ata dous decimais:

$$\frac{\text{baixa ofertada}}{100.000} * 30$$

**---Variantes [melloras nos materiais a empregar] (ata 20 puntos)**

O contratista poderá ofertar melloras nos materiais empregados sen que iso supoña aumento algún no prezo do contrato.

O contratista deberá sinalar con precisión o cambio de materiais e as unidades de obra ás que afecten. E deberá describir de xeito suficiente o novo material ou materiais que se ofertan para substituír. A efectos de valoración por este criterio, non se trata de especificar a calidade dun material previsto de xeito xenérico no Proxecto, senón dun material diferente ó previsto no Proxecto. Valorarase en función da cuestións tales como a durabilidade, facilidade e custo de mantemento, resistencia, estética, facilidade de desmontaxe e reposición...

Non serán tomadas en consideración as variantes que afecten á estética das fachadas da edificación

A valoración das melloras ofertadas polos licitadores realizarana a Mesa de contratación fundada basicamente no informe ou informes eminentemente técnicos, que poderá recabar de entre os membros do seu seo ou externamente.

Se a variante nos materias non se considera unha auténtica mellora (nos termos descritos nesta cláusula), ou se a variante está formulada dun xeito que non permita adecuadamente a súa comprensión, outorgarase ó licitador 0 puntos en relación con esa variante. Así, sen prexuízo de que ofertara outra ou outras variantes en outros materias, que si tiveran a condición de melloras, e que serán debidamente valoradas.

En todo caso, coa formulación da súa oferta, o licitador asume o compromiso de executar as obras ou ben tal e como están previstas exactamente no Proxecto orixinal, ou ben tal e como están previstas no Proxecto orixinal, mais coa introdución dalgunha/s ou todas as variantes ofertadas por el.

Asumirá o adxudicatario calquera gasto que lle xere ó Concello, de facerse, a modificación do Proxecto orixinalmente aprobado, para incluír as variantes ofertadas polo adxudicatario que o Concello considerara oportunas.

**---Memoria construtiva e programa de traballo (ata 20 puntos)**



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Valorarase o coñecemento do proxecto e do terreo onde será executada a obra, debéndose explicar a metodoloxía a empregar na súa execución, así como das provisións a empregar, e dos medios materiais e humanos que se compromete a adscribir.

Os licitadores presentarán un programa de execución da obra que contemple os prazos parciais, debendo existir unha coherencia entre a planificación e os medios adscritos

**NOTA IMPORTANTE**, so pena de exclusión do procedemento de licitación: Na documentación que se presente no sobre relativo ós criterios susceptibles de xuízo de valor e, en especial neste apartado, non poderá incluír ningún dato que permita intuír a oferta económica do licitador.

Toda referencia económica en relación coa Memoria construtiva e programa de traballo e a súa execución temporal, no seu caso, será con referencia ó importe orixinal do Proxecto. Así, e sen prexuízo de que, por suposto, se o licitador que resultara finalmente adxudicatario ofertara baixa económica, deberá aplicar as correspondentes baixas a esa referencia económica

### **---Ampliación do prazo de garantía (ata 15 puntos)**

Tratarase da ampliación do prazo de garantía, por enriba do prazo xa inicialmente previsto nos Pregos. Expresarase en anos enteiros, desprezándose (só ós efectos de puntuación por este criterio) os días, semanas ou meses adicionais.

0 puntos se a oferta é igual ó período de garantía mínimo previsto nos Pregos.

por cada ano adicional sobre o período de garantía mínimo previsto nos Pregos: concederanse 3 puntos ata o máximo de 15 puntos.

### **---Memoria de seguridade e saúde (ata 10 puntos)**

1. Definición da problemática principal en relación coa seguridade e saúde dos traballos.

Descríbanse as actividades de maior problemática na súa execución en relación coa seguridade e saúde, e defínense as actuacións preventivas a desenvolver a través de procedementos construtivos que integren a prevención de riscos laborais en cada un dos pasos a seguir na execución da correspondente unidade de obra

2. Análise da organización preventiva e o sistema de xestión de prevención a desenvolver na obra.

Neste apartado desenvolverase, entre outros aspectos, cal vai ser o sistema de xestión da prevención de riscos laborais a aplicar na obra, debendo especificar os medios de coordinación preventiva necesarios, de acordo do Real Decreto 171/2004 polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, en materia de Coordinación de Actividades Empresariais así como a forma en que se vai a realizar a información de riscos e medidas preventivas aos traballadores na obra, a supervisión das avaliacións de riscos e medidas preventivas específicas para a obra a presentar por cada un dos subcontratistas intervinientes, etc. Así mesmo, presentarase o sistema de selección de empresas subcontratistas en relación con aspectos a considerar en materia de prevención de riscos laborais.

3. Análise das actividades de especial perigosidade a desenvolver na obra (anexo I. R.D. 1627/97).

Neste apartado desenvolverase, entre outros aspectos, a descrición das actividades de especial perigosidade a executar na obra, así como a designación dos recursos preventivos para realizar a supervisión e control permanente en obra de ditos traballos. Verificarase que as persoas asignadas



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

reúnan os coñecementos, cualificación e experiencia necesarias, así como que contén coa formación mínima de nivel básico en prevención de riscos laborais, todo iso de acordo co establecido pola Lei 54/2003 de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

4. Análise da proposta de información e estudo dos índices de sinistralidade da obra.

Neste apartado analizarase a proposta de presentación dos distintos índices de sinistralidade, así como a súa análise en comparación cos do sector da construción. Así mesmo presentaranse as propostas de estudo dos accidentes acaecidos na obra.

5. Documentación acreditativa da formación, información e entrega de equipos de protección individual.

Presentarase a proposta de como realizar a formación dos traballadores en obra, así como de información dos riscos a que están sometidos na mesma. Reflectirase o sistema de revisión e seguimento dos mencionados aspectos de formación e información. Presentase o protocolo de entrega dos equipos de protección individual, da súa correcta utilización, mantemento, e sobre os riscos dos que o protexen, así como se haberá de definir como se verificará a utilización dos mesmos por parte dos traballadores.

6. Relación de protección colectivas a empregar na obra.

Presentarase as protección colectivas necesarias a utilizar na obra, determinando como se definirá a súa necesidade e como se verificará a súa correcta utilización, estado e reposición.

#### **---Redución do prazo de execución (ata 5 puntos)**

Tratarase da redución do prazo de execución, por debaixo do prazo inicialmente previsto, que é de 12 meses. Expresarase en semanas, desprezándose (só ós efectos de puntuación por este criterio) os días adicionais.

5 puntos se a redución do prazo de execución é de 4 semanas

0 puntos se a oferta é igual ó prazo de execución previsto nos Pregos.

1,25 puntos punto por cada semana de rebaixa no prazo de execución sobre o previsto nos Pregos

#### **VII.-Capacidade para contratar.**

Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas o estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten dispoñer da clasificación correspondente.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán reunir tamén os requisitos establecidos no artigo 55 do TRLCSP.

O Concello poderá contratar con Unións de Empresas que se constitúan Temporalmente ó efecto (UTES), sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se adxudique o contrato ó seu favor.

Estas Unións Temporais de Empresas deberán designar un representante ou apoderado único, e tódalas empresas que a integren responderán solidariamente das súas obrigacións como licitador ou contratista. As UTES rexeranse polo previsto no artigo 59 do TRLCSP.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Dado o importe do contrato, para ser admitido á licitación é necesario que o empresario conte coa oportuna clasificación.

### **VIII.-Garantía provisional.**

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP, non se esixe garantía provisional.

### **IX.-Anuncio de licitación e lugar de entrega da documentación.**

De conformidade co artigo 159.2 do TRLCSP e 326 da Lei galega 5/1997 de Administración Local, a licitación anunciarase mediante o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, sen prexuízo da posibilidade de publicación de anuncio tamén no Perfil do contratante

Tendo en conta a tramitación ordinaria do expediente as proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 26 días naturais, contados a partires do día seguinte ó de publicación do anuncio no último dos Boletíns onde tivera lugar.

Se o último día coincidira con domingo ou festivo, entenderase que o último día de prazo se traslada ata o día hábil seguinte.

De conformidade co artigo 80.4 do RD 1098/2001 cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos, e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama o mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.


### **X.-Comunicacións cos licitadores.**

A excepción do anuncio de licitación e das adxudicacións, tódalas comunicacións entre o Concello e os licitadores durante o procedemento de contratación, poderanse producir por medio de publicacións no Perfil do contratante e/ou fax.

Todo isto, sen prexuízo de que a Administración decida a utilización doutros medios.

### **XI.-Presentación de documentación.**

Os licitadores presentaran nun sobre pechado, que levará a inscrición: “Documentación Administrativa e Oferta do procedemento aberto de contratación das obras do Proxecto Novo Mercado”.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

No interior dese sobre deberán vir á súa vez dous sobres, segundo o previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares: Sobre A: Documentación Administrativa; Sobre B: Oferta.

### ---SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA---

Esta documentación irá nun sobre pechado no que se fará constar o seguinte: “Sobre A: Documentación Administrativa do procedemento aberto de contratación das obras do Proxecto Novo Mercado, presentada por .....

Toda a documentación contida neste sobre, e que a continuación se enumera, é obrigatorio que se presente debidamente ordenada, e precedida dun índice, que identifique e sitúe cada un dos documentos individuais.

De observarse algún defecto na documentación administrativa presentada, se lle concederá ó licitador un prazo de 3 días para a súa subsanación. Sen prexuízo disto, o Concello poderá, de estimalo oportuno, solicitar subsanacións de documentación antes da adxudicación.

A documentación que debe conter o sobre de Documentación Administrativa é a seguinte:

#### A.- PORTADILLA

Escrito, asinado polo mesmo que asinará no seu caso o contrato, no que conste o número de teléfono e de fax, enderezo, e a persoa á que dirixir as comunicacións e requirimentos que sexa preciso realizar durante o procedemento de contratación.

#### B.- CAPACIDADE

Empresario individual: Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento equivalente.

##### Persoas xurídicas:

-Fotocopia compulsada do DNI do asinante da proposición.

-Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, que lle sexa aplicable.

-Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada

##### Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea:

-Certificación de inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

##### Empresas non comunitarias:



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

-Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente (ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa) relativo á súa capacidade de obrar.

-Informe da Misión Diplomática Permanente española de que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Ademais, e por tratarse dun contrato de obras, será necesario acreditación de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

As empresas estranxeiras (tanto as comunitarias como as non comunitarias) presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ó castelán ou ó galego.

#### C.- PODERES

Cando o licitador non actúe en nome propio ou trátase de Sociedade ou Persoa xurídica, deberá acompañarse Poder bastante para representar á Persoa ou Entidade en nome da que vai actuar ante a Administración.

A mera presentación do Poder equivale a unha declaración expresa do apoderado de que o poder se atopa en vigor.

#### D.-BASTANTEO

Os poderes ós que se refire o apartado anterior deberán bastantearse previamente por Notario, letrado en exercicio ou o Secretario Xeral da Corporación.

#### E.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E XUSTIFICACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGACIÓN TRIBUTARIAS E PARA COA SEGURIDADE SOCIAL

Declaración de non estar incurso o licitador nas prohibicións para contratar recollidas no artigo 60 do TRLCSP, que recollerá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal circunstancia deba presentarse en todo caso antes da adxudicación, pola parte do licitador que previsiblemente vai resultar adxudicatario)

#### F- CLASIFICACIÓN

Os licitadores deberán presentar certificación acreditativa de dispoñer da clasificación esixida. A mera presentación da acreditación da clasificación equivale a unha declaración expresa do licitador de que se atopa en vigor.

A clasificación requirida é: grupo C (completo), categoría e

Non obstante, naqueles supostos nos que a empresa se atope pendente de clasificación, deberá presentar documento acreditativo de ter presentada a solicitude, debendo xustificar estar en posesión da clasificación no prazo previsto para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.





EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

De conformidade co disposto no artigo 66.1 do TRLCSP, a clasificación non será esixible ós empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, sen prexuízo da obrigación de acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nos artigos 75 e 76 do TRLCSP, ou, no seu caso, no artigo 84.1 do TRLCSP

#### G- SOMETEMENTO DAS EXPRESAS ESTRANXEIRAS ÓS TRIBUNAIS ESPAÑOIS

Declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ó licitante.

A formulación de oferta no presente procedemento de contratación supón expresamente pola parte do licitador facultar ó Concello para incorporar de oficio calquera documentación relativa ó contratista á que teña acceso e que resulte necesaria ou relevante ós sós efectos da contratación. A mero título de exemplo cítase a posibilidade que ten o Concello de recabar por medios telemáticos a clasificación dun licitador, nos termos previstos no artigo 146.3 do TRLCSP, ou a documentación esixible ó licitador proposto de conformidade coas previsións do artigo 151 do TRLCSP.

Asemade, a presentación de calquera documentación polo licitador leva implícita unha declaración pola súa parte de que os datos contidos nela se atopan en vigor no momento da súa presentación

#### ---SOBRE B: OFERTA---

A oferta presentarase nun sobre pechado, que levará a inscrición: “SOBRE B: Oferta do procedemento de contratación para as obras do Proxecto Novo Mercado, presentada por .....

Dentro do sobre B incluíranse á súa vez, os seguintes 2 sobres:

-Sobre B1: Criterios susceptibles de xuízo de valor. Non obstante, e dado que o licitador non está obrigado a ofertalos, non é obrigatoria a inclusión deste sobre.

-Sobre B2: Criterios de valoración automática.

#### **-Sobre B1: Criterios susceptibles de xuízo de valor**

No seu exterior unicamente figurará “Sobre B1: Criterios susceptibles de xuízo de valor presentados por .....

#### **-Sobre B2: Criterios de valoración automática**

No seu exterior unicamente figurará “Sobre B2: Criterios de valoración automática presentados por .....



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Neste sobre incluírase una Proposta relativa ós criterios automáticos que virá redactada do seguinte xeito:

“..... manifesta que no procedemento que se segue no Concello da Estrada para a contratación das obras do Proxecto Novo Mercado, coñece e acepta tódolos requisitos e condicións polos que se rexe o contrato, conforme ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, Proxecto, e a normativa que lle é aplicable.

Manifesta que se compromete a asumir o cumprimento do citado contrato polo importe de ..... Euros (en número), ó que lle corresponde por IVE a cantidade de .....Euros, (en número), **totalizándose a oferta en .....Euros (en número).**

-Manifesta, asemade, que, sendo o período de garantía mínimo dun ano, **ofrece** como período de garantía adicional (a maiores dese ano mínimo) .....anos (a expresar en anos enteiros).

-Manifesta, asemade que, sendo o período máximo de execución de 12 meses, ofrece como redución a este .....semanas (a expresar en semanas enteiros).

Lugar, data e sinatura do licitador (deberá ir asinada polo empresario persoa física, ou se é persoa xurídica, pola persoa habilitada)

## **XII.-Mesa de contratación e adxudicación.**

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de contratación cuxa composición será a seguinte:

- Presidente: Alcalde do Concello
- Vocal: Enrique Ponte Clares (Arquitecto)
- Vocal: Manuel Sanmartín Chao (Arquitecto)
- Vocal: Daniel Órrea Corral (Arquitecto Técnico)

Destes tres vocais serán substitutos, indistintamente, e con independencia da súa titulación: Mónica Neira Mato (Arquitecto) e Ramiro Goldar Soto (Arquitecto Técnico)

- Vocal: Interventor do Concello
- Vocal e Secretario: Secretario do Concello

A Mesa de contratación examinará e cualificará os documentos presentados en tempo e forma, constituíndose formalmente para este acto a requirimento do Presidente

A Mesa de contratación levará a cabo as seguintes actuacións:

---APERTURA E CLASIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (SOBRE A). A Mesa examinará a documentación aportada polos licitadores, cualificando a mesma e determinando que de non se axustar ós presentes Pregos, quedará excluído o licitador. Non obstante, as deficiencias



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

documentais que sexan subsanables, se comunicarán ós licitadores afectados para a súa subsanación nun prazo non superior a 3 días hábiles.

---APERTURA DE OFERTA (SOBRE B).-A Mesa reunirase no día e hora que sinala o Presidente na convocatoria. A convocatoria será obxecto da debida publicidade mediante inserción de anuncio no perfil do contratante cunha antelación de cando menos 24 horas. A Mesa de contratación procederá en acto público en primeiro lugar a proclamar os admitidos e excluídos do procedemento (por non presentar a documentación adecuadamente, e non subsanala no prazo outorgado) e posteriormente realizará a apertura do sobre B.

A continuación procederá á apertura do sobre B1 (de existir), que contén os criterios susceptibles de xuízo de valor.

A partires dese intre, a sesión da Mesa non terá carácter público.

A valoración dos criterios susceptible de xuízo de valor realizarana a Mesa de contratación fundada basicamente no informe ou informes eminentemente técnicos, que poderá recabar de entre os membros do seu seo ou externamente.

Nesa mesma sesión, ou noutra diferente, e sempre trala puntuación dos criterios susceptibles de xuízo de valor, a Mesa procederá en acto público á apertura do sobre B2, que contén os criterios de valoración automática, e á súa lectura.

A partires dese intre, a sesión da Mesa non terá carácter público.

Xuntando as valoracións correspondentes ós sobres B1 e B2, a Mesa un “Ditame de clasificación de ofertas”, no que se recollerá a puntuación outorgada a cada un dos licitadores.

A Mesa de contratación estenderá acta de tódalas súas actuacións, e elevará a documentación presentada polos licitadores, xunto cunha Proposición ó Alcalde para que este formule a súa Proposta preliminar de adxudicación

### **XIII.-Proposta preliminar de adxudicación.**

Conforme co “Ditame de clasificación de ofertas” da Mesa de contratación, o Sr. Alcalde formulará Proposta preliminar de adxudicación.

### **XIV.-Garantía e outros requisitos previos á adxudicación**

O licitador que fora obxecto da “Proposta preliminar de adxudicación” será requirido para que no prazo de 10 días hábiles aporte (se non o fixera anteriormente) a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP, entre a que se atopa a xustificación acreditativa de estar ó corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social na forma e alcance previsto nos artigos 13 a 15 do RD 1098/2001, incluíndo o relativo ó Imposto de Actividades Económicas.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Polo que respecta á acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa entidade local, esta será comprobada de oficio polo propio Concello mediante Informe emitido pola súa Tesourería, e que será unido ó expediente.

Asemade, deberá aportar xustificante de ter constituída a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

O importe da garantía definitiva será o 5 % do importe da adxudicación do contrato, excluído o IVE.

Responderá esta garantía do adecuado cumprimento polo contratista das súas obrigacións, ata o remate do período de garantía do contrato.

Se o licitador proposto non aportara a documentación no prazo que se lle dera para facelo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e se procederá a recadar a mesma documentación ó licitador seguinte segundo a orde na que quedara no “Ditame de clasificación de ofertas” da Mesa de contratación.

#### **XV.-Adxudicación**

A adxudicación producirase dentro dos 6 días hábiles seguintes a aquel no que o licitador proposto aportara a documentación mencionada anteriormente.

#### **XVI.-Documento de Formalización.**

O adxudicatario queda obrigado a subscribir o contrato administrativo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación. En principio, sen a previa formalización do contrato non se iniciará a súa execución.

De non formalizarse o contrato no prazo indicado por causas imputables ó adxudicatario, a Administración poderá declarar resolto o contrato, e sen prexuízo da esixencia da correspondente indemnización polos danos e prexuízos.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública a petición de calquera das partes. Neste caso, os gastos da devandita formalización serán de conta da parte que a solicitou. Unha copia da escritura do contrato unirase ó expediente.

#### **XVII.-Gastos a cargo do adxudicatario.**

Sen prexuízo doutros que puideran corresponderlle, serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos e obrigacións:

- a) Os gastos de publicación que xerara o expediente
- b)-Os tributos estatais, autonómicos e municipais que puideran derivarse do contrato.
- c)-Asumir o pago do IVE, que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- d)-No seu caso, os de formalización do contrato en escritura pública, segundo o sinalado nestes Pregos.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

e) Calquera gasto que lle xere ó Concello, de facerse, a modificación do Proxecto orixinalmente aprobado, para incluír a mellora ofertada polo adxudicatario que o Concello considerara oportuna.

f)-Na data en que comecen os traballos, a colocación ó seu custo dun cartel relacionado coa obra coas características coas características e formato propio das obras financiadas con fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), segundo as instrucións que recabará a este respecto da Dirección de obra.

g)-Xestionar cantas autorizacións ou permisos administrativos ou doutro tipo puideran ser necesarios para a execución completa do obxecto do contrato, debendo abonar á súa costa tódolos gastos que se devenguen para a xestión das devanditas autorizacións ou permisos. Figurará como titular da autorización o Concello, ou a persoa que este designe.

### **XVIII.-Dirección das obras.**

A dirección e inspección das obras corresponde ó Concello, designando a estes efectos a un técnico competente, que ditará as instrucións necesarias ó contratista para a normal e eficaz realización daquelas, e sinalará o ritmo de execución conveniente. Tamén poderá designar, se o estima oportuno, un director da execución da obra.

O Presidente da Corporación poderá inspeccionar as obras cando o estime oportuno.

Así mesmo, o Concello designará o técnico competente como responsable de seguridade e saúde nos termos do RD 1627/1997. No seu caso, esta función poderá ser asumida polo Técnico Director das obras.

### **XIX.-Responsable do contrato.**

De conformidade co previsto no artigo 52 do TRLCSP, con obxecto de supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, o órgano de contratación poderá nomear un responsable do contrato.

### **XX. Comprobación do replanteo.**

Na data sinalada pola dirección técnica, e sempre dentro dos 30 días seguintes á formalización do contrato, efectuarase a comprobación do replanteo, quedando o contratista obrigado a acudir a este acto, e a subscribir a correspondente acta nos termos do artigo 229 do TRLCSP.

Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e a viabilidade do Proxecto, a xuízo do Director de obra e sen reserva do contratista: O Director das obras dará a autorización para iniciar as obras, entendéndose todo isto implícito, salvo que conste o contrario de xeito explícito na acta estendida.

O prazo de execución das obras comezará a contarse dende a sinatura da acta.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

### **XXI.-Comezo das obras e información previa á Autoridade Laboral.**

O contratista deberá iniciar a execución material das obras trala acta de comprobación do replanteo, sempre que fose aprobado previamente o Plan de Seguridade e Saúde; ata que esta aprobación se produza, non se iniciarán as obras.

Ademais, antes do comezo das obras, o contratista queda obrigado a informar previamente á Autoridade Laboral, nos termos previstos no artigo 19 do RD 1627/1997.

### **XXII.-Programa de traballo e Plan de Seguridade e Saúde.**

Sempre antes da acta de comprobación do replanteo, o contratista está obrigado a presentar o Plan de Seguridade e Saúde redactado por Técnico competente.

Se a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde non se producira antes da comprobación do replanteo, a acta suscribírase recollendo na mesma esta circunstancia, e comezando dende a sinatura o cómputo do prazo de execución. Pero en ningún caso poderá producirse o inicio efectivo da execución das obras en tanto non estea aprobado o Plan de Seguridade e Saúde.

O contratista estará obrigado a recoller no Plan de Seguridade e Saúde (e polo tanto a realizar e implantar na obra) tódalas medidas e elementos necesarios para cumprir o estipulado ó respecto pola lexislación vixente na materia e polas normas de boa construción e especificacións e prescricións recollidas no Estudo de Seguridade e Saúde (ou, no seu caso, no Estudo Básico de Seguridade e Saúde). Así procederá, sexan ou non suficientes as previsións económicas contempladas neste, e sen que teña dereito a recibir máis importe que o fixado no citado Estudo (afectado, no seu caso, pola baixa de adxudicación).

Os locais e servizos para hixiene e benestar dos traballadores que sexan obrigatorios, deberán localizarse, sempre que sexa posible, na propia obra. En todo caso, serán para uso exclusivo do persoal adscrito á obra.

Calquera variación das características e emprazamento dos locais e servizos que se plantexe despois da aprobación do Plan, requirirá a previa modificación do mesmo. Feita esta, e tralo informe oportuno, será aprobada no seu caso.

### **XXIII.-Carteis e sinais.**

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar ó seu custo dun cartel relacionado coa obra, coas características e formato propio das obras financiadas con fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), segundo as instrucións que recabará a este respecto da Dirección de obra.

A colocación acreditarase mediante foto que se entregará coa primeira certificación; sen o cumprimento deste requisito non se tramitará esta. O cartel manterase na obra ata a recepción da mesma, salvo indicación noutro sentido por parte do Concello.

Asemade, o contratista está obrigado a instalar ó seu custo, os sinais indicativos de obra, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade coa normativa de Circulación e cantas resulten



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

aplicables a estes efectos, e a adoptar tódalas precaucións precisas dende o comezo das obras ata o seu total remate. Será responsable dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.

#### **XXIV.-Desenvolvemento dos traballos.**

-23.1. O contratista deberá executar as obras cos materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no Proxecto aprobado, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios (sempre e cando sexan compatibles co Dereito Comunitario, tal e como dispón o artigo 117.3 do TRLCSP).

Asemade, deberá empregar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

-23.2. Recepción e recusación de materiais: O contratista só pode empregar os materiais na obra previo exame e aceptación polo Director das obras, nos termos e formas que este sinala para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o Director de obras non aceptase os materiais sometidos ó seu exame, deberá comunicalo por escrito ó contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

-23.3. Obras defectuosas ou mal executadas: Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva, o contratista responderá da execución da obra contratada e das fallas que houbera nela. Non será eximente, nin daralle dereito algún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran ou recoñeceran durante a construción as unidades da obra ou os materiais empregados, nin que incluíran estes e aquelas nas medicións e certificacións parciais.

-23.4. Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas: Se se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o Director ordenará antes da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

-23.5. Responsabilidade por vicios ocultos: Se a obra se arruína por vicios ocultos da construción, con posterioridade á expiración do prazo de garantía, e no termo de 15 anos dende a recepción, o contratista responderá dos danos e prexuízos.

#### **XXV.-Prazo de execución do contrato e penalidades administrativas**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa pola parte da Administración. Cando o contratista, por causas imputables a este, incorrera en mora (demora) respecto ó cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato (artigo 212.4 do TRLCSP).

A Administración terá a mesma facultade á que se refire o apartado anterior respecto do incumprimento polo contratista dos prazos parciais ou, cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución ou a que se continúe a execución con imposición de novas penalidades.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ó contratista (pudendo este manifestar o que estime oportuno) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto anteriormente.

#### **XXVI.-Responsabilidade por danos.**

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo persoal, maquinaria ou traballos realizados. Esta responsabilidade esténdese cando menos ós danos, prexuízos e accións ata a finalización do prazo de garantía. Así mesmo, responderá dos danos causados á Administración. Dentro destes atópase o dano emerxente ou o lucro cesante que calquera actuación do contratista, incluíndo a demora na execución, puidera ocasionar ó Concello. Inclúese expresamente neste caso a perda de financiamento que puidera sufrir o Concello, tendo en conta que esta actuación se atopa financiada polos fondos F.E.D.E.R.

Se os danos e prexuízos foron ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable nos termos previstos legalmente.

A cantidade en que se concrete a responsabilidade do contratista poderá ser esixida pola vía de constrinximento.

#### **XXVII.-Control de Calidade.**

A Dirección técnica ordenará que se verifiquen os ensaios e análises dos materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes. Os gastos que se orixinen serán de conta do contratista ata un importe máximo do 2 % do orzamento de contrata da obra (IVE incluído).

A mesma Dirección fixará o número, forma, dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para o ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral ó efecto, nin establezan tales datos os Pregos de Prescricións Técnicas Particulares.

#### **XXVIII.-Custodia e conservación.**

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos materiais e instalacións, sen que teña dereito a indemnización por causa de aviría, perdas, subtraccións ou prexuízos nos bens.

#### **XXIX.-Cesión do contrato e subcontrato.**





EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

O contratista non poderá cede-los dereitos dimanantes do contrato, mais tampouco subcontratar parte algunha deste contrato, sen obter previamente a autorización do Concello, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 e 227 do TRLCSP.

O contratista está obrigado a abonar o prezo pactado ós subcontratistas, dentro dos prazos e con arranxo ás condicións establecidas no artigo 227 do TRLCSP.

### **XXX.-Execución do contrato.**

O contrato deberá executarse con estrita suxeición a estes Pregos, ós Pregos de Prescricións Técnicas e ás instrucións que en interpretación dos mesmos poda ditar o Concello. Asemade, executarase co debido respecto á lexislación de contratos das Administracións Públicas e ó resto da normativa que lle sexa de aplicación.

Durante a execución do contrato, o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, sendo responsable dos danos que na mesma se produzan, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Director das obras.

En todo caso, o contratista respectará a lexislación laboral e da seguridade social nas relacións co seu persoal.

Non existirá vinculación ou relación laboral ou similar de ningún tipo entre o persoal do contratista e o Concello.

De apreciarse pola Administración unha incorrecta execución do contrato, requirirá ó contratista (pudendo este manifestar o que estime procedente) para que proceda á súa subsanación no período de tempo oportuno. Superado o mesmo, aplicarase o réxime de demora na execución previsto nos artigos 212 e seguintes do TRLCSP.

Tal e como se prevé no artigo 305 do TRLCSP, o contratista responderá da calidade do seu traballo, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contrato será executado a risco e ventura do contratista.

Dentro do concepto de risco e ventura do contratista enténdese expresamente incluídas as adaptacións que ó longo da execución do contrato deba realizar o contratista a consecuencia das modificacións que se podan ir producindo no marco normativo de aplicación.

Calquera incumprimento do contratista xerará automaticamente o dereito do Concello a obter a correspondente indemnización de danos e prexuízos.

Inclúese expresamente dentro do concepto de danos e prexuízos calquera perda de financiamento procedemente doutras Administracións.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

### **XXXI.-Recepción das obras e certificación final.**

A recepción das obras realizarase de conformidade co previsto no artigo 235 do TRLCSP.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas, así farase constar na acta, e o Director das mesmas sinalará os defectos observados, detallando as instrucións precisas e fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non realizase os traballos, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable, ou declarar resolto o contrato.

Asemade, tamén poderá optarse por aplicar o réxime de demora na execución previsto nos artigos 212 e ss. do TRLCSP.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

### **XXXII.-Prazo de garantía.**

O prazo de garantía terá unha duración mínima dun ano a contar dende a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía, o contratista responderá dos defectos que podan advertirse na construción.

### **XXXIII.-Liquidación e devolución da garantía definitiva.**

Dentro do prazo dos 15 días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o Director facultativo das obras, a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras.

Se este fose favorable, se procederá á liquidación do contrato e á devolución ou cancelación da garantía e, no seu caso, ó pago das obrigacións pendentes. O contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 236 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se deban a deficiencias na execución da obra (e non ó uso do construído dende a recepción), o Director das obras procederá a ditar as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído. Para isto, concederalle un prazo, durante o que o contratista continuará encargado da conservación das obras, e sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

### **XXXIV.-Causas de resolución do contrato.**

Serán as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no seus artigos 225 e 309.

Non sendo este un contrato suxeito a regulación harmonizada, e de conformidade co previsto no artigo 151.5 do TRLCSP, despois de declarado resolto o contrato, o Concello, sempre de xeito potestativo:



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

Poderá, en lugar de proceder a unha nova convocatoria, efectuar unha nova adxudicación ó licitador ou licitadores seguintes a aquel que resultou adxudicatario, polo orde no que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que isto fora posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade. En tal caso, concederáse a este un prazo de dez días para presentar a documentación administrativa e a garantía definitiva.

#### XXXV.-Réxime xurídico.

O presente contrato ten carácter administrativo e, ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación reguladora dos contratos das Administracións Públicas e ás súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de Dereito Administrativo; e, no seu defecto, as normas de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, poñendo as súas Resolucións fin á vía administrativa. Contra estas, caberá a interposición de recurso potestativo de reposición, ou de recurso contencioso-administrativo, segundo o regulado na Lei 29/1998 da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o recorrente estime oportuno e sexa aceptable en Dereito.

Os litixios serán vistos polos xulgados ou tribunais que sexan competentes en razón do domicilio da Corporación.

A Estrada, 24 de setembro de 2012

Asdo.: José Carlos López Campos

